



ROGO PARA A MELLORA E REMATE DO ASFALTADO DA CALZADA DO COMBARRO, NO CASTIÑEIRIÑO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O equilibrio de servizos entre o ámbito urbano e o rural debe ser un dos obxectivos prioritarios do Goberno municipal na procura de garantir a igualdade e o principio de xustiza distributiva. Entre os servizos esenciais atópase, xunto co abastecemento e o saneamento, a dotación dunha axeitada rede viaria que permita o acceso a todos e cada un dos núcleos de poboación.

Na parroquia do Castiñeiriño atópase a rúa da Calzada de Combarro que foi pavimentada con formigón na súa maior parte fai máis de dúas décadas. No seu tramo final a partir da Praciña do Combarro, desde onde comeza o asfalto, presenta un estado lamentable, con fochancas, perda de firme nos bordes da calzada e cun tramo duns 50 metros que permanece con terra, a pesar da súa función que permite enlazar esta vía coa chamada Rúa da Vía, que discorre en paralelo coa liña férrea.

A situación deste trazado, que se pode apreciar no anexo fotográfico que se achega, ten provocado queixas por parte da veciñanza, que mesmo chegaron aos servizos municipais correspondentes, sen que ata o de agora se lle teña posto remedio a unha demanda que consideramos xusta e perfectamente asumible.

En consonancia con anterior, o Grupo Municipal Popular presente ao Pleno o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Concello se proceda á mellora da capa de rodadura da Calzada do Combarro, especialmente no seu tramo desde a Praciña do Combarro, dotando de capa asfáltica a súa parte final, duns 50 metros de lonxitude, ata o seu entronque coa denominada Rúa da Vía.

Santiago de Compostela, a 10 de setembro de 2018

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO

